

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 1 DE XUÑO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Mos para o acondicionamento do nó de Sanguñeda, entre a N-120 e a N-550, por un importe total dun millón trinta e oito mil cincocentos oitenta e un euros con corenta e catro céntimos (1.038.581,44€).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 3 de agosto de 2016 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de trece mil seiscentos setenta euros con corenta céntimos (13.670,40€)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de doce mil oitocentos dezaseis euros (12.816,00€)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer-Aspace para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en dous centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil trescentos sesenta euros (21.360,00€)

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas da Barbanza e Noia Amigos para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de oito mil novecentos setenta e un euros con vinte céntimos (8.971,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de once mil novecentos sesenta e un euros con sesenta céntimos (11.961,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña Aspanaes, para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e tres mil cincocentos setenta e seis euros con vinte e dous céntimos (53.576,22€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 1 de decembro de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil novecentos setenta e un euros con vinte céntimos (8.971,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de tres mil oitocentos corenta e catro euros con oitenta céntimos (3.844,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezaseis mil douscentos trinta e tres euros con sesenta céntimos (16.233,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de mil setecentos oito euros con oitenta céntimos (1.708,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de novembro de 2016 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544,00€).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromiso de gasto de carácter plurianual para o financiamento da Orde pola que se convocan 5 bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de douscentos vinte mil cento noventa e un euros con doce céntimos (220.191,12 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución da Administración dixital: cadro de indicadores trimestral e inicio da consulta pública previa da Lei de administración dixital de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a autorización administrativa previa, autorización de construción e declaración de utilidade pública do parque eólico de Boutareira.
- Informe sobre a convocatoria dos Premios *Smart Commerce* de Galicia 2017.
- Informe sobre a convocatoria de axudas para a mellora da imaxe e modernización dos establecementos comerciais.
- Informe sobre o Programa ReAcciona para a mellora da competitividade das pemes galegas.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre a Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre as liñas de axudas 2017 para investimento en escolas infantís 0-3 en puntos de atención á infancia.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO E HUMANIZACIÓN DO NÓ DE SANGUIÑEDA, NO CONCELLO DE MOS

- *As obras, que serán executadas pola Administración local, consistirán na reordenación do lugar, a glorieta da “Costilleta” e a das Angustias, da vía que existe entre ambas e os treitos non urbanizados das demais rúas da zona*
- *Este acordo nace da necesidade do Concello de Mos de adoptar medidas para a mellora da accesibilidade dos peóns no nó de Sanguíñeda, polo que solicitou a colaboración do Goberno galego para a súa urbanización*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Mos para o acondicionamento do nó de Sanguíñeda, entre as estradas N-120 e a N-550, a través dun investimento de algo máis dun millón de euros. Este convenio terá vixencia ata finais do ano 2019.

Este acordo nace da necesidade, por parte do Concello pontevedrés de Mos, de adoptar medidas para a humanización e a mellora da accesibilidade dos peóns no nó de Sanguíñeda, polo que solicitou a colaboración do Goberno galego para a súa urbanización. Esta vía de titularidade local sitúase entre a autovía A-55 e a estrada N-550, na zona limítrofe entre os municipios de Mos e O Porriño, e conta cun tráfico importante de acceso aos núcleos próximos.

O Executivo autonómico comprométese a subvencionar a actuación, por algo máis dun millón de euros, importe no cal están incluídos os gastos de execución das obras e os dos contratos accesorios de servizos para o seu control. Pola súa banda, o Concello de Mos contratará e executará as obras, ao mesmo tempo, como paso previo á licitación da obra, ten asumido no pasado mes de abril a titularidade dos primeiros 160 metros da PO-329 (Sanguíñeda-Torneiros), ata o límite co Concello do Porriño. Trátase dun tramo da denominada rúa Progreso incluído nas obras obxecto do convenio

A actuación ten por obxecto mellorar a seguridade viaria e reordenar os espazos, dando maior protagonismo aos tráfico peonís, polo que abarca as seguintes zonas:

- As glorietas do nó: a da “Costilleta”, no enlace baixo a A-55, que serve de intersección entre a avenida Sanguíñeda, a PO-511 e a rúa Progreso (PO-329); e a das Angustias, que conecta a N-550 coa N-120, a avenida de Galicia e a rúa Ramirás.



- A vía existente entre as dúas glorietas: de 265 metros de lonxitude, que pasa sobre a vía de ferrocarril; ten actualmente dous carrís de circulación de 3,5 m de ancho e beiravías de menos dun metro, polas que transitan a pé e de maneira pouco segura os usuarios da contorna.
- Os tramos que non se atopan urbanizados ou que é preciso renovar das restantes rúas indicadas nas aproximacións ás glorietas.

Neste momento, xa se redactou un proxecto construtivo en cal se definen as seguintes actuacións, que se adaptan todas ás aliñacións urbanísticas vixentes, como son a execución de beirarrúas desde a glorieta das Angustias ata a da "Costilleta"; a reordenación da sección transversal nos accesos ás glorietas, reducindo as beiravías para incrementar o ancho das beirarrúas; e as beirarrúas da N-550 e da rúa Ramirán, polas que discorre o Camiño Portugués, que se executarán con pedra granítica.

Así mesmo, levarase a cabo a creación dunha zona de aparcadoiro entre a rúa Ramirán e a avenida de Galicia; mellorarase a rede de drenaxe e a rede de iluminación pública; rehabilitarase o firme das vías, mediante fresado da rodadura e extensión dunha nova capa, e a sinalización, balizamento e varandas para protección de peóns, ademais de dotar de mobiliario urbano e xardinaría.



## **EDUCACIÓN FACILITARÁ O SERVIZO DE COMEDOR A 436 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES NO SEU CENTRO ESCOLAR**

- *A Consellería destina 185.581,02 euros a estes acordos, que completan os xa aprobados polo Consello da Xunta no referido ao transporte escolar*
- *Estes acordos favorecen unha atención individualizada do alumnado que require unha resposta adecuada ás súas singularidades*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación dos convenios de colaboración existentes entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e 12 asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades, co obxectivo de facilitar o servizo de comedor escolar no curso 2017/18 a 436 alumnos. O obxectivo é garantir unha atención individualizada, así como dar unha resposta adecuada ás necesidades e particularidades de cada usuario.

O departamento educativo da Xunta de Galicia investirá un total de 185.581,02 euros na renovación destes acordos coa Asociación A Esperanza do Val Miñor, coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas da Barbanza e Noia Amicos, coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral-A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, coa Fundación Menela, coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro e coa Asociación San Xerome Emiliani.

### **Atención específica e preferente**

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

Deste xeito, as diferentes asociacións e entidades comprométense a facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o remate das clases matinais e o propio remate do servizo de comedor.

Ademais, cómpre sinalar o carácter educativo que ten o comedor escolar para este alumnado con distintos tipos de discapacidades, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

### **Servizo de transporte adaptado**

Estes acordos veñen completar os xa autorizados para renovar a colaboración para facilitar o vindeiro curso 2017/18 o servizo de transporte escolar adaptado a 291 alumnas e alumnos a través da colaboración con 12 entidades, para o que se investirán 906.339,32 euros.



## **EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 220.000 € A CINCO BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE GALEGO**

- *As bolsas, que teñen unha duración máxima de tres anos, correspóndense coas universidades do Algarve (Portugal), de Extremadura, de Granada e da Complutense de Madrid (todas en España), e da Università degli Studi di Padova (Italia)*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocará proximamente cinco bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas noutras tantas universidades por un importe de 220.191 euros para un período de tres anos.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á autorización do gasto para o financiamento desta acción que se enmarca dentro das actividades de promoción e ensino da lingua e da cultura galegas a través de convenios de colaboración con universidades de distintos países a través dos centros de estudos galegos (CEG).

Por medio dunha orde específica, a consellería publicará proximamente a convocatoria de cinco bolsas de formación nos lectorados de galego nas universidades do Algarve (Portugal), de Extremadura, de Granada e da Complutense de Madrid (todas en España), e da Università degli Studi di Padova (Italia), cunha duración máxima de tres anos. Está previsto que o proceso de selección destas prazas se faga na segunda quincena do mes de xullo.

Está convocatoria complementa a publicada no DOG do 24 de maio de 2017 pola que se convocaron cinco prazas de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nas universidades seguintes: Universidade Autónoma de Barcelona, Universidade de Cork, Universidade de Deusto, Universidade de Heidelberg e Universidade do Miño.

O programa de formación dos bolseiros estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e a organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua e a cultura galegas.

As persoas que resulten beneficiarias destas bolsas deberán incorporarse á praza entre setembro e outubro deste ano; e o importe mensual das bolsas é de 1123,96 € para os lectorados localizados en universidades españolas, e de 1277,12 € para os localizados en universidades estranxeiras.

Para participar nesta convocatoria, entre outros requisitos, hai que ser licenciado en Filoloxía Galega, en Filoloxía Románica (sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego), graduado en Lingua e Literatura Galegas, en Estudos de Galego e Español, ou en Galego e Portugués.

### **Antecedentes**

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

## A XUNTA INICIA A ELABORACIÓN DA LEI DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE GALICIA

- *Abre o período de consulta previa á cidadanía no portal de transparencia da Xunta e prevé iniciar a súa tramitación parlamentaria no segundo semestre do ano*
- *Será o marco normativo único que regulará os dereitos e deberes na relación dixital dos cidadáns coa Administración autonómica, seguindo o establecido nas leis estais 39 e 40/2015*
- *O obxectivo é consolidar o proceso de transformación dixital que se está a levar a cabo para ofrecer servizos máis personalizados e acadar unha xestión proactiva*
- *As presentacións na sede electrónica da Xunta no primeiro trimestre de 2017 supoñen xa preto do 50% das rexistradas en todo 2016*
- *As consultas ao nodo de interoperabilidade Pasaxe!, que evita aos cidadáns a presentación de ata 40 certificados, incrementáronse un 146% respecto ao primeiro trimestre do ano pasado*
- *No período 2017-2018 porase en marcha unha nova sede electrónica, potenciarase a carpeta do cidadán e reformularanse as oficinas de rexistro como oficinas de atención para facilitar a tramitación dixital*

O Goberno galego acordou iniciar a elaboración da Lei de administración dixital de Galicia (Ledixga) para dotar a Administración autonómica dun marco legal único que recolla todos os aspectos necesarios para acadar unha Administración integramente dixital. O proceso de redacción da lei iníciase formalmente coa publicación dunha consulta previa á cidadanía no Portal de transparencia da Xunta e está previsto que inicie a súa tramitación en sede parlamentaria no segundo semestre do ano.

A entrada en vigor o pasado 1 de outubro das leis 39 e 40/2015 supuxo un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital, que require que Galicia sistematice nun único corpo toda a regulación relativa as relacións administrativas dixitais, tanto a nivel interno como externo, que a Xunta vén desenvolvendo desde o ano 2010 a través de decretos ordes e outras disposicións.

### Obxectivos da Ledixga

A nova lei eliminará a dispersión normativa existente, potenciará un novo modelo de complementariedade entre administracións e permitirá ofrecer nunha maior eficacia, eficiencia e simplificación dos procedementos. O obxectivo é consolidar un proceso de transformación dixital que posibilitará ofrecer a cidadáns e empresas servizos máis personalizados e avanzar cara a xestión proactiva.

A Ledixga concretará os dereitos e deberes na relación dixital dos cidadáns coa administracións e como se materializan, así como os dereitos e deberes dos empregados públicos nunha Administración dixital; os instrumentos de funcionamento

interno para a xestión dixital da Administración; o impulso da relación dixital con sectores específicos como o empresarial, o medio rural, o sector turístico; os medios para a cooperación con outras administracións públicas e os órganos de goberno necesarios para desenvolvemento dixital.

### **Avances na consolidación da Administración dixital**

Un dos aspectos que regulará a nova lei será a consolidación dun sistema de indicadores, que facilita o seguimento dos avances na dixitalización e o seu impacto tanto no funcionamento interno como na relación cos cidadáns e cuxa análise permitirá mellorar a implantación dos sistemas. No primeiro trimestre de 2017 o sistema de indicadores, que xa se está a desenvolver, pon de manifesto o incremento no uso dos novos servizos dixitais.

Así, as presentacións na sede electrónica da Xunta no primeiro trimestre de 2017 supoñen xa preto do 50% das rexistradas en todo 2016 e a porcentaxe de usuarios destes primeiros tres meses acada xa o 69% de todos de 2016. Este incremento de uso explícase no aumento de procedementos dispoñibles para a súa presentación en liña, que xa son o 94% do total, a incorporación de novos trámites, a entrada en funcionamento do servizo Chave 365, que evita o uso de certificados dixitais, e as melloras no uso da sede.

As consultas dos empregados públicos ao nodo de interoperabilidade Pasaxe! incrementáronse un 146% respecto ao primeiro trimestre de 2016. Cómpre lembrar que Pasaxe! evita aos cidadáns presentar ata 40 tipos de certificados (DNI, familia numerosa, discapacidade...) nos seus trámites coas administracións.

En canto ao sistema de notificacións electrónicas [notifica.gal](http://notifica.gal), o volume de notificacións cursadas no primeiro trimestre do ano foi de máis de 5000

### **Principais liñas de actuación no período 2017-2018**

No marco do Plan de Administración e Goberno dixital 2020 a Xunta ten previsto avanzar durante o período 2017-2018 nas seguintes liñas de actuación:

No derradeiro trimestre do 2017 porase en marcha a nova sede electrónica da Xunta de Galicia, adaptada a un mellor uso dende dispositivos móbiles e con posibilidades de personalización en función do perfil do cidadán ou empresa. Tamén se traballará para consolidar a carpeta do cidadán como un espazo dixital de acceso a todos os expedientes que un cidadán ou empresa ten en curso coa Administración.

Outro dos obxectivos deste período é a reformulación das oficinas de rexistro como oficinas de atención que facilitarán a relación do cidadán e das empresas coa Administración a través dos medios dixitais.

Nesta liña está prevista tamén a posta en marcha da figura do funcionario habilitado e do rexistro de apoderamentos, que posibilitarán que unha persoa autorizada ou un funcionario poida realizar trámites telemáticos en nome doutra persoa.



## A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO NO CONCELLO CORUÑÉS DE ORTIGUEIRA

- *A instalación do parque Boutareira suporá un investimento de 22,8 millóns de euros*
- *Contará con 6 aeroxeradores cunha potencia total de 18 MW e unha capacidade aproximada de produción anual de enerxía de máis de 60.000 MWh*
- *Con esta autorización, o concurso eólico suma 25 parques e 600 MW autorizados, cun investimento global de máis de 760 millóns de euros*

A Xunta autorizou o parque eólico Boutareira, que estará localizado no concello coruñés de Ortigueira. Trátase dunha nova instalación, enmarcada no concurso eólico galego, que suporá un investimento de 22,8 millóns de euros e que contará cunha potencia total de 18 MW a través da instalación de 6 aeroxeradores.

Con este novo parque na provincia da Coruña, que alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual de arredor de 60.000 MWh, o Goberno autonómico suma 25 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oourol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Órrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno, Carracedo, Coto de Frades, Olerón, Neda, Figueiras, Serra do Faro, A Pastoriza e A Cadeira, acadando un total de 600,5 MW e un investimento de máis de 760 millóns de euros.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Dentro deste contexto, cabe sinalar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1000 millóns de investimento na comunidade, ao que se suma a creación de máis de 2000 empregos directos.

Así mesmo, tras impulsar o actual concurso eólico en 2010, o Goberno galego ten en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 160 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto autorizado polo Consello da Xunta, e promovido por Norvento, suporá unha fonte de financiamento importante para Ortigueira, que se poderá beneficiar da recadación obtida do devandito canon.

Con esta instalación, Norvento conta xa cun total de 8 autorizados no concurso eólico, o que supón un investimento de máis de 200 millóns de euros, 54 aeroxeradores e unha potencia de máis de 160 MW.

## A XUNTA IMPULSA CON 1,3 MILLÓNS DE EUROS A MODERNIZACIÓN E MELLORA DA IMAXE DO COMERCIO DE PROXIMIDADE GALEGO

- ***Economía, Emprego e Industria pon en marcha unha nova convocatoria que prevé axudas de ata 16.000 euros para a reforma e acondicionamento de locais***
- ***Ademais, 200 establecementos contarán co asesoramento dun xestor profesional de redes sociais para poder así desenvolver fórmulas de promoción e comercialización en liña***
- ***A Consellería activa tamén a segunda edición dos premios Smart Commerce, cos que se busca poñer en valor o traballo dos comerciantes que impulsan a innovación nos seus negocios***
- ***Ambas as iniciativas forman parte do Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia, que ten entre os seus retos fomentar un novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 1,3 millóns de euros á modernización e mellora da imaxe do comercio de proximidade galego a través dunha nova convocatoria de axudas con apoios para a reforma e acondicionamento de locais comerciais que permitirá tamén a 200 comerciantes acceder á xestión profesional das súas redes sociais.

Por unha banda, os comerciantes poden acceder a axudas de ata 16.000 euros e o 50% do investimento para proxectos de modernización integral dos locais comerciais que contén cun proxecto técnico de decoración e interiorismo. Estas axudas cobren as obras de reforma e acondicionamento integral da superficie de exposición e venda do local, a adquisición de moblaxe e actuacións de mellora da fachada e imaxe exterior. Os establecementos que non contén con proxecto técnico poden obter axudas de ata 3600 euros e o 40% do investimento que se vaia realizar para estes mesmos conceptos.

A través deste programa de axudas, que contará cun prazo de presentación de solicitudes dun mes tras a súa publicación no DOG, concederanse, por outra parte, 200 tíckets de xestión de comunidades virtuais, que permitirán acceder a outros tantos comercios aos servizos dun xestor profesional de redes sociais (*community manager*), no marco do Programa de *Social Commerce* que se poñerá en marcha a través dun convenio de colaboración que se prevé asinar coa Federación Galega de Comercio.

Este Programa de *Social Commerce* dirixirase fundamentalmente a afianzar o éxito dos comercios galegos no eido das novas tecnoloxías, fixando obxectivos empresariais e compartindo experiencias, novas fórmulas de promoción e comercialización, recursos e tendencias para mellorar a súa competitividade.

### **Premios *Smart Commerce***

Complementando esta orde de axudas, coa que se prevé mobilizar preto de 3 millóns de euros e beneficiar a máis de 400 comerciantes galegos, a Consellería de Economía, Emprego e Industria activa a segunda edición dos premios *Smart Commerce* de Galicia, cos que se busca poñer en valor o traballo dos comerciantes que impulsan a innovación dos seus negocios.

Os galardóns, que se publicarán proximamente no DOG abrindo un prazo de presentación de candidaturas de dous meses, contan con tres categorías. Así, co premio *Smart Commerce*, cunha contía de 3000 euros para o premiado a nivel de Galicia e 1500 para o escollido en cada provincia, distinguirán os comercios galegos que desenvolvan iniciativas innovadoras que supoñan unha clara diferenciación e mellora na fidelización comercial, que activen accións promocionais especiais e que destaquen pola utilización das canles *on line* e *off line* de comunicación e venda.

Por outra banda, o premio *e-Commerce* distinguirá, cunha contía de 1000 euros, o comercio galego cuxa actividade sexa a venda de produtos a través da internet; e o premio *Social Commerce*, cunha dotación de 1000 euros, outorgarase ao negocio que amose o mellor aproveitamento das redes sociais para chegar aos seus clientes.

Tanto a convocatoria de premios como a orde de axudas das que hoxe se informou no Consello da Xunta enmárcanse no Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia, que ten entre os seus retos o establecemento dun novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia aproveitando todos os recursos á súa disposición. Este plan, que prevé 55 accións específicas ata 2020, ten contribuído ao reforzo do sector, que no mes de abril conseguiu incrementar as súas vendas nun 0,9% con respecto ao mesmo mes do ano anterior, fronte ao descenso do -1% rexistrado a nivel nacional; un crecemento que en Galicia alcanza o 1,4% no primeiro cuadrimestre de 2017.

## A XUNTA CONVOCA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA REACCIONA QUE XA IMPULSOU A COMPETITIVIDADE DE 850 PEMES A TRAVÉS DE 1400 PROXECTOS

- *Economía, Emprego e Industria inviste na iniciativa dous millóns de euros para desenvolver 500 novos proxectos de mellora de xestión empresarial e a posta en marcha de plans estratéxicos de futuro nas empresas galegas*
- *O Goberno galego destinou ata o de agora 5,1 millóns de euros nesta actuación, o que facilitou a mobilización de case 7 millóns*
- *O obxectivo fundamental é apoiar as pemes na profesionalización dos seus equipos directivos e de xestión para que se fortalezan como paso previo ao seu crecemento ou internacionalización*
- *A Administración autonómica abrirá unha nova convocatoria das bolsas ReAcciona para a contratación de 100 bolseiros, que se sumarán aos 200 novos titulados que xa puideron especializarse participando en proxectos de mellora en pemes e, en moitos casos, conseguir un traballo*
- *Esta actuación enmárcase na Axenda Galicia-Industria 4.0 coa que se está impulsando a modernización do tecido produtivo e que ten como obxectivo a creación de 50.000 empregos no eido industrial*

A Xunta convocará nas próximas semanas unha nova edición do programa ReAcciona, unha iniciativa pioneira do Goberno galego que nos últimos catro anos xa impulsou a competitividade de 850 empresas a través de 1400 proxectos. A próxima convocatoria, na que a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá dous millóns de euros, permitirá desenvolver preto de 500 novos proxectos de mellora de xestión empresarial e a posta en marcha de plans estratéxicos de futuro nas empresas galegas ata 2018.

ReAcciona, ao que a Administración autonómica destinou ata o de agora 5,1 millóns de euros, facilitando a mobilización de case 7 millóns, está deseñado para impulsar accións de mellora en áreas concretas de xestión ou planificación das pemes galegas, poñendo á súa disposición, co apoio de expertos, o coñecemento, os métodos e ferramentas necesarias para que poidan reinventarse de forma continuada. De feito, naceu co fin de proporcionar ás pemes a capacidade para desenvolver proxectos de mellora en determinados ámbitos de xestión: financeiro, de produción, comercial ou de deseño estratéxico.

O obxectivo fundamental do programa cofinanciado ao 80% con fondos Feder é, polo tanto, apoiar as pequenas e medianas empresas galegas na profesionalización dos seus equipos directivos e de xestión, para fortalecerse como paso previo ao seu crecemento ou internacionalización.

As empresas mediante esta iniciativa poden escoller o seu itinerario personalizado de mellora segundo as súas necesidades, apoiándose nun ou varios servizos que van desde un diagnóstico inicial ata a execución dos diversos plans operativos por función, pasando, se é preciso, por unha análise estratéxica detallada que marca o rumbo futuro da empresa.

Os 1400 proxectos aprobados ata o de agora ofrecen na súa gran maioría, nun 35% dos casos, servizos de tipo comercial, seguidos de servizos de xestión, nun 26,5%, de estratexia, nun 20,5%, e de desenvolvemento dun negocio, nun 18%. Ademais, máis da metade das empresas beneficiarias dos servizos aprobados nos últimos meses corresponden ao sector da nova industria (53%) -industria ou firmas de servizos a empresas- ao que seguen o comercio grosista (12%), a hostalaría (10%), outros servizos (12%) e a construción e actividades relacionadas (9%).

### **Bolsas ReAcciona**

A actuación do Goberno galego permite, ademais, a especialización de novos titulados a través das bolsas ReAcciona, das que se convocará, de forma paralela, unha nova edición en próximas datas. Estará dotada con 1,12 millóns de euros para a contratación de 100 bolseiros, que se sumarán aos 200 que xa participaron en proxectos de mellora en empresas e, en moitos casos, conseguiron un traballo. De feito, máis do 54% dos bolseiros atoparon emprego xusto ao rematar a súa bolsa. Os participantes, ademais, valoraron altamente o programa.

ReAcciona é un dos instrumentos cos que a Xunta está a profundar na mellora da competitividade do tecido empresarial ao abeiro da Axenda Galicia-Industria 4.0, coa que se prevé incrementar ata o 20% en peso da industria no PIB, impulsando a creación de 50.000 empregos.

De feito, para avanzar no desenvolvemento desta folla de ruta e mantendo o espírito do programa ReAcciona, na actualidade está en marcha o ReAcciona TIC, que levan a cabo o Igape e a Amtega, para facilitar a implantación de proxectos de mellora da competitividade en ámbitos da Industria 4.0 e da empresa dixital, mediante unha introdución efectiva das TIC no tecido empresarial.

Polo tanto, no ámbito dos servizos avanzados, a Xunta está a impulsar os programas ReAcciona e ReAcciona TIC como instrumentos especialmente valorados polas empresas para mellorar a súa competitividade camiñando cara á Industria 4.0.

Ademais, entre os instrumentos ao servizo da Industria 4.0 cómpre salientar o concurso de ideas e as axudas a investimentos na contorna da fábrica 4.0, que están a servir para que, na súa primeira edición, preto de 40 empresas coordinadas por catro



organismos intermedios (Ceaga, Clúster da Madeira, Asime e Clusaga) estean a avanzar neste ámbito.

## EDUCACIÓN DESTINA CASE 70 MILLÓNS A ESTENDER O PLURILINGÜISMO A 200.000 ALUMNOS E PROMOVER O SEU ENSINO INTEGRAL DESDE INFANTIL ATA A UNIVERSIDADE

- *O plan EDUlingüe impulsará a aprendizaxe das linguas estranxeiras en todas as etapas educativas co fin de favorecer un dominio completo do idioma*
- *O obxectivo é alcanzar en 2020 un total de 500 centros plurilingües, 600 novas seccións bilingües e o dobre de auxiliares de conversa, alcanzando os 1000*
- *Créase o bacharelato de excelencia en idiomas, que posibilitará ao alumnado certificar un nivel B2 ao remate da etapa*
- *A oferta plurilingüe será máis especializada, mediante seccións e auxiliares vinculados a linguas emerxentes e perfís adaptados á realidade social como a robótica ou as materias científico-tecnolóxicas*
- *A estratexia prevé máis formación do profesorado, tanto no territorio nacional como internacional, así como máis participación das familias*
- *O fin último do plan é dotar a mocidade de máis destrezas para favorecer a súa empregabilidade e proporcionarlle máis oportunidades no actual mundo global*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a nova Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, EDUlingüe, coa que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación de Universitaria busca dar un novo impulso, tanto cuantitativo como cualitativo, ao modelo plurilingüe no ensino. Dotada con preto de 70 millóns de euros ata 2020, estenderá o plurilingüismo a 200.000 alumnos e garantirá unha aprendizaxe integral dunha primeira lingua estranxeira (nomeadamente o inglés) desde que o alumno entra na escola ata que remata a universidade. Isto será posible porque o plurilingüismo se ampliará a todas as etapas educativas, o que favorecerá un dominio completo da lingua estranxeira cursada.

Entre as novidades principais, cómpre destacar que a estratexia pretende alcanzar os 500 centros plurilingües (actualmente hai 282), crear 600 novas seccións bilingües e duplicar o número de auxiliares de conversa ata chegar aos 1000. Ademais, e co fin de recoñecer os coñecementos do alumnado, promoverase que certifiquen o seu nivel de idioma ao remate de ESO e bacharelato. Para iso, poñeranse en marcha un total de 64 accións, a maior parte concentradas en catro eixes: os centros, o alumnado, o profesorado e as familias.

### **Os centros: máis oferta e máis especialización**

O fin último é alcanzar en 2020 que o 100% dos centros sostidos con fondos públicos de ensino obrigatorio sexan plurilingües ou teñan seccións bilingües. E en concreto, búscase que o 50% dos centros, arredor duns 500, sexan plurilingües. Para iso, o modelo estenderase a educación infantil, formación profesional, ensinanzas artísticas e deportivas, e bacharelato, promovendo tamén a introdución paulatina na universidade.

Ademais, crearanse 600 novas seccións bilingües, alcanzando así as 4514, e mellorarase a súa oferta, posto que haberá seccións co 100% da docencia nalguna lingua estranxeira (ata agora era habitualmente do 50%) e incorporaranse novas linguas emerxentes como o chinés ou o ruso. Así mesmo, promoverase a posta en marcha de seccións nas materias de libre configuración, adaptadas á realidade social e novos retos.

Neste mesmo contexto enmárcase a incorporación de auxiliares de conversa, que tamén responderán a diversos perfís (especializados en materias, por etapas ou liñas), así como a novas linguas emerxentes. O obxectivo pasa por duplicar o número de persoas nativas de apoio, pasando das 504 actuais ás 1000, e aumentar a súa presenza no 100% dos centros de ensino obrigatorio e centros de FP con proxecto plurilingüe.

Sen saír do eixe dos centros, tamén cómpre destacar o papel que xogan as escolas oficiais de idiomas (EOI), tanto na formación en linguas do alumando como do profesorado. Co fin de potenciar o seu traballo, ampliarase a rede de seccións e a oferta formativa nos niveis C, especialmente en inglés, francés e portugués. Cómpre lembrar que, ademais, o alumnado poderá recibir bonificacións nas taxas de matrícula ao superar cada ciclo.

### **Bacharelato de excelencia: centros con 'estrela Pluribach'**

A día de hoxe, o ensino plurilingüe está presente en primaria, ESO e, de xeito experimental, en bacharelato. Con esta nova estratexia estenderase a todas as etapas, incluso á universidade. Os colexios que decidan ampliar o modelo plurilingüe a infantil recibirán unha 'estrela Plurinfantil' que acreditará a súa extensión. O alumnado cursará áreas curriculares ata 1/3 no idioma estranxeiro, cun enfoque lúdico e partindo do traballo en grupo. Dispoñerán de actividades extraescolares e complementarias, así como do apoio de auxiliares de conversa con maior horario e perfís específicos. O profesorado, que debe ter como mínimo nivel B2 ou equivalente, contará con plans específicos de formación no centro.

No caso dos centros que amplíen o plurilingüismo a ciclos FP –que recibirán unha 'estrela PluriFP'–, os docentes deben ter o nivel C1 ou equivalente e o alumnado dispoñerá de formación específica e facilidades para certificar o nivel B1 ou B2.

Unha das principais novidades da estratexia é a posta en marcha dos centros con bacharelato de excelencia en idiomas, con 'estrela Pluribach'. Poderán recibir esta denominación os centros sostidos con fondos públicos que xa ampliaron o plurilingüismo a esta etapa de xeito experimental ou os de nova incorporación. O alumnado cursará, ao igual que nas etapas anteriores, materias curriculares ata 1/3 no

idioma estranxeiro. A maiores, cursará algunha materia extracurricular semanal (de dúas ou tres horas) de afondamento no idioma, co fin de favorecer a habilidade de expresión e comunicación. O horario, en lugar de 32 períodos lectivos, pasa a ser de 34 ou 35.

Así mesmo, tamén terán actividades complementarias -charlas, obradoiros ou proxectos- e un maior número de auxiliares de conversa, con maior horario e con perfís máis específicos. En canto ao profesorado, debe ter o nivel C1 ou equivalente e, no referido ao alumnado, promoverase que poida certificar o nivel B2 ao remate da etapa.

### **Graos e másters en inglés**

Por último, a aprendizaxe de linguas estranxeiras estenderase tamén á universidade, onde se implementarán os graos en inglés e, de xeito extensivo, os másters neste mesmo idioma, o que favorecerá a internacionalización do sistema, a mobilidade do alumnado galego, así como a captación de estudantes e de talento investigador procedente do estranxeiro.

### **O alumnado poderá acreditar o seu nivel de idioma**

Do mesmo xeito que o obxectivo é que o 100% dos centros con ensino obrigatorio se beneficien da estratexia, tamén o é que os centros plurilingües e as seccións cheguen ao 100% do alumnado de ensino obrigatorio. Deste xeito duplicaríase o número de beneficiarios, pasando dos 100.000 actuais a 200.000.

Co fin de recoñecer os coñecementos dos mozos e mozas, estableceranse procedementos para certificar ao alumnado dos centros plurilingües ao final de cada etapa, mediante EOI ou entidades estranxeiras. Ao remate da ESO, o obxectivo é que o 30% do alumnado certifique un nivel B1. Pola súa banda, búscase que o 30% do que finalice o bacharelato de excelencia certifique un B2. Neste sentido, é preciso lembrar que, ata o momento, un mozo que remata bacharelato goza dun nivel A2, polo que este novo cambio supón duplicar os seus coñecementos e incluso superar os requirimentos de idiomas da universidade.

Ademais, tamén se ampliarán as prazas en programas formativos de inmersión lingüística durante o verán e ao longo do curso, e poñeranse en marcha, entre outras accións, actividades de integración no estranxeiro dun mes de duración. En total, están previstas máis de 18.000 prazas de formación ata 2020.

### **Profesorado cunha formación máis ampla**

O plan permitirá que o 30% dos docentes galegos poidan lograr unha certificación C1 ou equivalente. Para iso, crearase un Plan de formación específico sobre linguas estranxeiras ('Idio + 2020') con 18.000 prazas, que incluírá o deseño dunha liña sobre linguas nos plans de formación permanente en centros, a ampliación de prazas nos

programas de aprendizaxe de idiomas tanto no ámbito nacional como no estranxeiro ou, entre outras accións, a mobilidade e intercambios entre profesionais e centros.

### **O papel das familias**

O cuarto eixe está dedicado ás familias, que poderán participar de xeito máis activo nos programas de plurilingüismo a través das escolas de nais e pais, mediante actividades de intercambio internacionais entre centros e a través da plataforma dixital de recursos para favorecer a integración e seguimento do programa. En definitiva, unha maior implicación das familias neste proceso favorecerá unha transmisión de coñecementos en serie na sociedade, xerando un efecto multiplicador máis alá da escola.

### **Os centros plurilingües melloran os resultados**

En definitiva, EDUlingüe é unha aposta decidida pola democratización do ensino das linguas estranxeiras e por abrir máis oportunidades de futuro á mocidade. A Consellería leva desenvolvendo o modelo plurilingüe no sistema educativo desde o curso 2010/11 a través do Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras, que hoxe en día beneficia preto de 100.000 alumnos a través de 282 centros plurilingües e 3.914 seccións bilingües.

No ámbito cualitativo, cómpre resaltar que, no período 2011-2016, os centros plurilingües duplicaron os resultados de mellora do resto de centros, tanto no ámbito lingüístico como non lingüístico. En concreto, os resultados en inglés duplicaron os do resto: 0,99 puntos fronte a 0,53. Tendo en conta este balance positivo, é preciso seguir impulsando o ensino de idiomas estranxeiros para proporcionarlle á mocidade galega as ferramentas necesarias coas que desenvolverse no actual mundo competitivo e globalizado.



## A XUNTA DESTINA PRETO DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DOS RECURSOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE CONCELLOS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- *As achegas están dirixidas a obras menores de adecuación e mellora dos centros, así como de accesibilidade e de dotación de novos servizos*
- *Tamén é subvencionable a adquisición e mellora do equipamento do centro, así como a conexión á internet e a compra de material para a integración das novas tecnoloxías na aula*

A Xunta de Galicia continúa coa mellora e adecuación dos recursos da rede autonómica de atención á infancia de 0 a 3 anos, así como coa mellora dos servizos de conciliación e apoio ás familias con dúas novas liñas de subvencións dirixidas ás corporacións locais e ás entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro para as que reserva unha partida económica de preto de 1,7 millóns de euros. A Administración autonómica prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas as convocatorias baixo o réxime de concorrencia competitiva, abrindo a partir de entón un mes de prazo para a presentación de solicitudes.

Esta actuación forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia), cuxo obxectivo prioritario é a atención integral ás necesidades das familias e dos menores, e ademais enmárcase no programa operativo Feder Galicia para o período 2014-2020. Do orzamento total consignado, 1.064.306 euros destínanse á convocatoria de axudas para as escolas infantís e puntos de atención á infancia municipais, mentres que os 600.000 están dirixidos ás escolas que dependen de entidades de iniciativa social.

Ademais, serán subvencionables ao abeiro destas convocatorias tanto as obras menores de adecuación e mellora das devanditas infraestruturas como intervencións novas de mellora da accesibilidade ou que as doten dos servizos necesarios. Tamén entran dentro desta convocatoria a adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior, así como de material didáctico e de xogo; e a dotación de conexión á internet e compra de dispositivos (ordenador, encerado dixital, gravadoras, cámaras de vídeo etc.) para a integración das novas tecnoloxías na aula. As axudas poderán financiar ata un 100% do investimento subvencionable.

Cada concello poderá percibir unha axuda máxima de 35.000 euros, con independencia do número de centros para os que presente a solicitude. Así mesmo, a contía máxima por cada centro é de 20.000 euros para as actuacións destinadas á realización de obras e de 15.000 euros para as destinadas á compra de equipamento e mais á integración das novas tecnoloxías na aula.

Pola súa banda, cada entidade privada de iniciativa social sen ánimo de lucro poderá percibir unha axuda máxima de 25.000 euros, con independencia do número de centros para os que presente a solicitude. Neste caso, o montante máximo por cada centro é de 15.000 euros para a execución de obras e de 10.000 euros para a adquisición de equipamento e de novas tecnoloxías.

Ademais de mellorar a rede galega de recursos para menores de 0 a 3 anos, con estas axudas facilitarase a posta en marcha inmediata de escolas e puntos de atención á infancia que estean unicamente pendentes da dotación de equipamento, co que se aumentará a dispoñibilidade de prazas de atención á infancia. Igualmente, mellorarase a calidade de atención recibida nos centros que xa veñen funcionando.

Este é o segundo ano consecutivo no que a Xunta habilita esta liña de financiamento á mellora das escolas e puntos de atención á infancia que dependen das corporacións locais, e ademais recupera un fondo de axudas para centros de entidades de iniciativa social que non se convocaba desde 2005 e que entón tivo un crédito de 180.000 euros. A convocatoria actual de 2017 ascende a 600.000 euros, o que supón un incremento do 233%.